



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión extraordinaria-urxente, celebrada o día 3 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DE "MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIO CULTURAL DE GRIXOA", E A SÚA INCLUSIÓN DENTRO DO "PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019".

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta do xefe de servizo de Proxectos e Obras, de data 2.4.19, ao cal presta a súa conformidade o concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio territorial.

O devandito informe transcríbese de seguido:

"Informe Proposta relativa á aprobación do Proxecto corrixido de "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixoa", e a súa inclusión dentro do "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019"

I ANTECEDENTES:

Con data de 13 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno local acordou aprobar a proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á "Modificación do acordo da sesión de 20.12.18, sobre participación do Concello de Santiago no POS (Plan Único de Concellos) POS+2019".

Neste acordo, tomouse a determinación de aprobar o proxecto denominado "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixoa"

Con data de 21 de marzo de 2019, o Concello recibe notificación dun informe de supervisión desfavorable do proxecto, emitido polos Servizos Técnicos da Deputación (expediente 201900009074), no cal se indican unha serie de elementos a corrixir, e a indicación de que "O Concello deberá aprobar o proxecto corrixido polo órgano competente".

O informe técnico de 01/04/19 sobre o proxecto corrixido indica que:

- O proxecto a aprobar inclúe a corrección das deficiencias sinaladas no informe desfavorable emitido polos Servizos Técnicos da Deputación
- Non existe variación sobre a finalidade do proxecto.
- Non existe variación sobre o orzamento global do proxecto
- Non existe variación, en consecuencia, sobre a declaración feita pola Intervención municipal que recolle o carácter de Investimento Financeiramente Sostible deste proxecto.

II PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

De conformidade co ata aquí exposto entendemos que procede:

- 1.- **APROBAR** o proxecto corrixido do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixoa" sen variación na finalidade do proxecto, nin no orzamento global do mesmo, a respecto do proxecto orixinal.
- 2.- **COMUNICAR** á Deputación Provincial de A Coruña a aprobación deste proxecto corrixido, e a súa inclusión dentro do Plan Único de Concellos POS+ 2019, en substitución do proxecto orixinal."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

- 1.- **APROBAR** o proxecto corrixido do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do Local Socio Cultural de Grixoa" sen variación na finalidade do proxecto, nin no orzamento global do mesmo, a respecto do proxecto orixinal.
- 2.- **COMUNICAR** á Deputación Provincial de A Coruña a aprobación deste proxecto corrixido, e a súa inclusión dentro do Plan Único de Concellos POS+ 2019, en substitución do proxecto orixinal.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASDO/XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ

